

VIERNES
29 DE OCTUBRE DE 2010

50 | TENDENCIAS / ESQUELAS

Comeza hoxe na Coruña o Congreso Galeusca de escritores de Galicia, Euskadi e Cataluña

A Coruña. Desde hoxe até o vindeiro 1 de novembro celebrarase na Coruña o XXVII Congreso Galeusca, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e que reunirá escritores en galego, éuscaro e catalán. O congreso, que se celebra na Biblioteca de Estudios Locais baixo o epígrafe *Literatura en galego, éuscaro e catalán: Unha viaxe*

con futuro, abordará este ano a importancia das literaturas en lingua propia “como subministradoras de contidos para un fértil industrial cultural”, sinalan os organizadores nun comunicado.

Xunto ás mesas redondas, coa presenza entre outros de Harkaitz Cano ou Anxo Angueira, haberá tamén saídas, como un percorrido rosaliano por varias rúas da Co-

ruña ou recitais, coma o de Olalla Cociña. O domingo terá lugar ademais a asemblea da Federación Galeusca, que dará paso a unha mesa redonda sobre *A literatura como modelo de convivencia de veilos e novos soportes*. Nese encontro participarán o escritor galego Marcos S. Calveiro, o basco Nikolas Zimarro e o catalán Guillem-Jordi Graells. **REDACCIÓN**